



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, VALORACIÓN APERTURA SOBRE C " DOCUMENTACION PONDERABLE A TRAVES DE XUIZOS DE VALOR"

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Tui, ás trece horas do día 7 de outubro 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida polo Alcalde D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón , a secretaria do concello. D^a. J Irene Suárez López, o arquitecto municipal D. Javier Antoñon Clemente, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

Emitido o informe técnico solicitado pola Mesa de Contratación ao arquitecto municipal aos efectos de valoración dos proxectos de servizo presentados polas empresas que concorren á licitación, de seguido se procede á súa transcripción literal:

" A petición da Mesa de Contratación de "*Servizo de Limpeza de Dependencias Municipais do Concello de Tui*" en aplicación da cláusula decimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas, e trala apertura e lectura das proposicións do sobre "C", se me solicita informe técnico para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ponderacións establecidas no prego, polo que unha vez examinadas ditas proposicións, estimo e emito o seguinte:

INFORME TÉCNICO.-

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 20 de Maio de 2013, acorda, entre outros, aprobar o inicio do expediente de contratación de "Servizo de Limpeza de Dependencias Municipais do Concello de Tui", así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a mesma, tratándose dun contrato suxeito a regulación harmonizada debido á súa contía.

Publicase anuncio de licitación no Suplemento do Diario Oficial da Unión Europea (DO/S) de 17/07/2013, S137-238256, no Boletín Oficial do Estado nº 177 de 25/07/2013, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 142, de 26 de xullo 2013, así como anuncio no perfil do contratante do Concello de Tui (www.concellotui.org), rematando o prazo de presentación de propostas o 24 de agosto de 2013.

Rematado o prazo de presentación de propostas, preséntanse á licitación as seguintes empresas:

- 1.- R.E. 7247 - 23/08/2013. Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A, de Valladolid.
- 2.- R.E. 7248 - 23/08/2013. Unión Internacional de Limpieza, S.A., de Valladolid.
- 3.- R.E. 7249 - 23/08/2013. ISS Facility Services, S.A., de Vigo.
- 4.- R.E. 7272 - 24/08/2013. Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S. L. (SAMYL,S. L.), de Vigo.
- 5.- R.E. 7273 - 24/08/2013. Orballo S. Coop. Ltda., de Tui.

Con data 5 de setembro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre "A", *DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA*. Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación, a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

Con data 10 de setembro de 2013 constitúese a Mesa de Contratación para a apertura do sobre "C", *DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVES DE XUIZOS DE VALOR*. En aplicación da cláusula decimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas, tra-la lectura das proposicións, a Mesa me solicita informe técnico para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ponderacións establecidas no prego.

METODOLOXÍA:

Para emitir o informe de xuízo de valor solicitado, analizo os datos da documentación achegada no sobre C e segundo di na "CLÁUSULA UNDÉCIMA. Criterios de Adxudicación do "Prego de Cláusulas Administrativas que rexerá a contratación do Servizo de Limpeza de Dependencias Municipais do Concello de Tui" verificando que conteña:

- Planificación do persoal para a xestión do servizo, con distribución do persoal e horarios para a execución das diferentes tarefas,
- Maquinaria, material móbil e equipos que se adscribirán efectivamente ao servizo.
- Calidade ambiental da oferta.
- Periodicidade ofertada para as tarefas de periodicidade superior á diaria (semanal, mensual, semestral, a requirimento e campaña de verán), segundo o establecido nos pregos de prescricións técnicas.
- Metodoloxía e técnicas a utilizar garantindo, en todo caso, o disposto nos pregos de prescricións técnicas.
- Percorridos de limpeza de ser o caso.
- Modelo de partes de traballo que se cubrirán das operacións executadas e incidencias detectadas nas instalacións.

Para ponderalo, valoro especialmente a coherencia interna do proxecto achegado, a plantilla de persoal e a planificación ofertada, a periodicidade das tarefas proposta e a maquinaria adscrita para o cumprimento do servizo, tendo en conta o seu tipo, funcionalidades e características técnicas, valorando unicamente a maquinaria ofertada que excede á determinada nos pregos de prescricións técnicas como mínima, tendo prioridade a incorporación de aspiradoras de auga e po, varredoras aspiradoras, abrillantadoras, hidrolimpadoras de auga quente e calquera outra considerada polos licitadores.

DATOS:

De modo somero pero non exhaustivo reflecto os seguintes datos obtidos das propostas:

EMPRESAS PARÁMETROS	Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A	Unión Internacional de Limpieza, S.A.	ISS Facility Services, S.A.	Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S. L. (SAMYL,S. L.)	Orballo S. Coop. Ltda.
PLANIFICACIÓN DO PERSOAL	Equipo de xestión Equipo de limpadoras Equipo de especialistas 295 horas mensuais + 10 horas encargado + 40 horas especialistas	Equipo de xestión Equipo de limpadoras Equipo de especialistas 241 horas mensuais Ofertan 500 horas anuais de reforzo	Equipo de xestión Equipo de limpadoras Equipo de especialistas 242,5 horas mensuais Ofertan 150 horas anuais de reforzo nestes centros Ofertan 500 horas anuais de reforzo noutros centro	Equipo de xestión Equipo de limpadoras Equipo de especialistas 264,5 horas mensuais + 10 horas encargado + 40 horas especialistas	Equipo de limpadoras Non citan especialistas 239 horas mensuais
MAQUINARIA, MATERIAL MÓBIL E EQUIPOS	Ofertan melloras de maquinaria en calidade e número	Ofertan melloras de maquinaria en calidade e número	Ofertan melloras de maquinaria en calidade e número	Ofertan melloras de maquinaria en calidade e número non en exclusiva	Ofertan melloras de maquinaria en calidade e número
CALIDADE AMBIENTAL DA OFERTA	ISO 14001/2004 ISO 9001/2008 Produtos ECOLABEL	ISO 14001/2004 ISO 9001 OHSAS 18001/2007 Produtos ECOLABEL	ISO 14001/2004 ISO 9001 SA 8000/2001 Produtos ECOLABEL	ISO 14001/2004 ISO 9001/2008 OHSAS 18001/2007 Produtos ECOLABEL	SEN CALIFICACIÓN Compromiso de xestión ambiental
PERIODICIDADE	Aumenta a 3 veces por semana o varrido e a semanal a limpeza de aseos e vestiarios de pavillóns deportivos	Non melloran a periodicidade Ofertan 500 horas anuais de reforzo	Aumenta a diaria a limpeza de aseos e vestiarios de pavillóns deportivos Ofertan 150 horas anuais de reforzo nestes centros Ofertan 500 horas anuais de reforzo noutros centros	Aumenta a quincenal a limpeza de aseos e vestiarios de pavillóns deportivos e a diaria a do centro inferfederado	Especifica as tarefas en Santo Domingo e na Cárcere Vella, pero no resto dos centros nalgúns casos empeora a periodicidade mínima. Fregado pizarras diario. Varrido e fregado comedores diario Lavado alfombras tres veces ao ano. Limpeza de moqueta do Área Panorámica anual.
METODOLOXÍA E TÉCNICAS A UTILIZAR	Especifican metodoloxía e procedementos	Especifican metodoloxía e procedementos	Especifican metodoloxía e procedementos. Incorporan a recollida de sólidos no mercado e a limpeza de canles da Policía, Casa do Concello e Conservatorio	Especifican metodoloxía e procedementos	-
PERCORRIDOS DE LIMPEZA	-	-	Zonifican por áreas	Zonifican por áreas	-



MODELOS DE PARTES DE TRABALO	Variados para cumprir coas Normas de Calidade e Xestión Ambiental	Variados para cumprir coas Normas de Calidade e Xestión Ambiental	Variados para cumprir coas Normas de Calidade e Xestión Ambiental	Variados para cumprir coas Normas de Calidade e Xestión Ambiental	Parte de traballo
------------------------------	---	---	---	---	-------------------

CONCLUSIÓNS:

Do análise efectuado chego as seguintes valoracións:

	PUNTOS
1.- Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A.	18
2.- Unión Internacional de Limpieza, S.A.	16
3.- ISS Facility Services, S.A.	20
4.- Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S. L. (SAMYL,S. L.).	17
5.- Orballo S. Coop. Ltda.	12

(...)

Tui, 3 de outubro de 2013."

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico emitido, acorda:

Acepta-las valoracións emitidas no referido informe técnico, de xeito que se outorga a seguinte puntuación á proposta do sobre C "Documentación ponderable a través de xuízos de valor" :

1.- Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A.	18 puntos.
2.- Unión Internacional de Limpieza, S.A.	16 puntos.
3.- ISS Facility Services, S.A.	20 puntos.
4.- Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S. L. (SAMYL,S. L.).	17 puntos.
5.- Orballo S. Coop. Ltda.	12 puntos.

De seguido, as trece horas e trinta minutos, se extende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

A SECRETARIA DA MESA

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón

O ARQUITECTO MUNICIPAL

Asdo: Javier Antoñon Clemente

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez.